



Datos Do Expediente:

ACTIVIDADES	
Unidade Tramitadora:	
Servizos Sociais – MCCF	
Número expediente:	Documento:
ENS/2026/8	SSO1AS00Q1
2R2G 1S1B 1H52 0A3J 0FDE	

BASES REGULADORAS DO “XXXV CERTAME INTERCENTROS-CONCELLO DE NARÓN”

LETRAS GALEGAS 2026

O Certame Intercentros “Concello de Narón” ten como finalidade a celebración do Día das Letras Galegas, exaltando a nosa lingua, fomentando a súa normalización e dinamización, así como tamén amosando a nosa cultura e a nosa realidade. O seu obxectivo é aportar os medios axeitados para facilitar o traballo docente, así como financiar parte da elaboración dos materiais que favorezan as estratexias cooperativas dos centros educativos.

No presente ano está adicado a **Begoña Caamaño** (Vigo, 14 de outubro de 1964 – Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014). A RAG celebrará a narradora, autora serodia de dúas novelas nas que reescribiu os mitos da Odisea e o artúrico, e mais a xornalista, nun momento en que urxe reconstruír o espazo dun xornalismo para a cidadanía, comprometido coa verdade e co uso do galego. Coa lembranza de Begoña Caamaño, as Letras 2026 serán unha festa asomada á contemporaneidade, á pulsión do presente e á ollada feminista que vertebrou o seu pensamento, o seu traballo intelectual e a súa biografía.

Atendendo á cronoloxía rotatoria de organización das distintas edicións do Certame Intercentros por parte dos centros escolares públicos participantes, na presente edición correspóndelle ao **IES AS Telleiras** a coordinación co Concello do “XXXV Certame Intercentros Concello de Narón 2026”.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Narón (PES) aprobado para os anos 2024,2025 e 2026 por acordo Plenario de data 27/03/2024, contempla a incorporación dunha liña de subvencións para a celebración do “Certame Intercentros Concello de Narón-Letras Galegas 2026” (Proposta sobre modificación do PES 2024,2025 e 2026. B.O.P. da Coruña nº 174, do 12/09/2025), en aras de contribuir a facilitar o traballo docente e financiar parte da elaboración dos materiais que favorecen as estratexias cooperativas dos centros educativos do Concello de Narón.

Base 1. INTERESADOS

Poderán participar os Centros educativos públicos do Concello de Narón nos niveis de Educación Infantil,

Primaria, ESO, BAC e Ciclos Formativos nas seguintes categorías e modalidades:

Categoría	Modalidade
a) Educación Infantil	Murais
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
b) 1º e 2º de Primaria	Murais
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
c) 3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
d) 5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego
	Audiovisual
e) 1º e 2º de ESO	Narrativa
	Cómic
	Poesía
	Teatro escrito
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego ou portugués
	Audiovisual
f) 3º e 4º de ESO	Narrativa
	Cómic
	Reportaxe xornalística
	Poesía
	Teatro escrito

	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego ou portugués
	Audiovisual
g) 1º e 2º BAC e Ciclos Formativos	Narrativa
	Cómic
	Reportaxe xornalística
	Poesía
	Teatro escrito
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)
	Canción en galego ou portugués
Audiovisual	
h) Alumnado do Centro organizador	Cartel anunciador das Letras Galegas

A forma de participación poderá ser colectiva (dous ou máis premiados), por aula e individual.

Na modalidade **h** unicamente poderá participar o alumnado de calquera nivel do **IES AS TELLEIRAS**, por ser o centro organizador.

Base 2. FORMA DE PARTICIPACIÓN NAS DISTINTAS MODALIDADES

Categoría	Modalidade	Forma de participación
a) Educación Infantil	Murais	Presentase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)
b) 1º e 2º de Primaria	Murais	Preséntase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)
c) 3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado	Preséntase un por aula en cartón pluma
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
d) 5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic	Preséntase un por aula en cartón pluma

	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
e)1º e 2º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual
	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
f)3º e 4º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual
	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
g)1º e 2º BAC e Ciclos Formativos	Narrativa	Pódese participar de xeito individual
	Cómic	Pódese participar de xeito individual

	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual
	Poesía	Pódese participar de xeito individual
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo
h) Alumnado do Centro organizador	Cartel anunciador das Letras Galegas	Pódese participar de xeito individual ou en grupo

Base 3.- PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Todos os traballos deberán empregar a lingua galega, agás as categorías e), f) e g) que poderán empregar a lingua portuguesa, e ser absolutamente inéditos e orixinais (**coa única excepción** da modalidade de **EXPRESIÓN ORAL e CANCIÓN EN GALEGO**), debendo presentarse atendendo ás seguintes características, segundo as modalidades:

3.1- MURAI

- A temática a desenvolver deberá estar relacionada coas Letras Galegas, coa realidade galega ou con algún aspecto da nosa cultura.
- O número máximo de traballos que poden presentarse é de 1 por aula.
- Os traballos deberán entregarse en panel de cartón pluma de 70 X 100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor, e deberán contar cunha corda para facilitar a súa colocación na exposición.
- Nos traballos, en lugar visible, debe figurar o nome do Centro e a aula participante.
- Ao presentar os traballos no lugar de exposición, farase entrega dun documento que especifique o número total de traballos presentados por cada Centro.

3.2- CONTO ILUSTRADO

- A temática a desenvolver deberá estar relacionada coas Letras Galegas, coa realidade galega ou con algún aspecto da nosa cultura.
- O número máximo de traballos que poden presentarse é de 1 por aula.
- Os traballos deberán entregarse en panel de cartón pluma de 70 X 100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor, e deberán contar cunha corda para facilitar a súa colocación na exposición.
- Nos traballos, en lugar visible, debe figurara o nome do Centro e a aula participante.
- Ao presentar os traballos no lugar de exposición, farase entrega dun documento que especifique o número total de traballos presentados por cada Centro.

3.3- POESÍA

- A temática e a métrica serán libres.
- A extensión máxima será de 25 versos.

3.4- NARRATIVA

- A temática será libre.
- A extensión mínima será de 2 folios e a máxima de 4 folios nas modalidades **e e f**; e de 8 folios na modalidade **g**.

3.5- CÓMIC

- A temática será libre.
- A técnica será libre, sobre papel de debuxo (non folio) e o texto escrito con tinta negra.
- A extensión mínima será de 10 viñetas.
- Para primaria os traballos deberán entregarse en cartón pluma de 70x100 cm. de dimensións e 5 mm de grosor.

3.6 -TEATRO ESCRITO

- A temática será libre.
- A extensión mínima será de 2 folios e a máxima, de 8 folios.

3.7- AUDIOVISUAL

- Temática libre.
- Duración da gravación: máximo 5 minutos.
- Os traballos entregaranse en soporte informático.

3.8-REPORTAXE XORNALÍSTICA (texto e fotografía)

- Temática: visión persoal da realidade actual en calquera campo (política, cultura, sociedade, economía, deportes...)
- Pode empregarse a fotografía como complemento ao texto.

3.9- EXPRESIÓN ORAL

- Comprenderá o recitado dun poema, a exposición dunha lenda, un conto popular, un relato, un monólogo, un diálogo ou unha representación teatral.
- Pódese participar individualmente ou en grupo.
- A exposición debe ser feita de memoria e valorarase a dicción e posta en escena.
- Os textos poden ser inéditos ou xa publicados.
- A exposición pode acompañarse de recursos musicais elementais, sempre que non sexan executados por persoas adultas en directo.
- A duración máxima da exposición será de 20 minutos.
- Na opción de representación teatral non se admitirán grupos pertencentes á Escola de Teatro do Concello de Narón nin profesionais.
- Todos os participantes expoñerán o seu traballo no PAZO DA CULTURA.
- O xurado decidirá nese acto, as persoas gañadoras.
- Non se admitirán actuacións con letra pre-gravada, deben ser en directo.

3.10- CANCIÓN EN GALEGO

- Comprenderá a interpretación dunha canción con letra en galego ou traducida ao galego.
- Nas categorías e) f) e g) a canción poderá ser en lingua portuguesa.

- A letra pode acompañarse de instrumentos musicais ou de música adaptada de autores e autoras.
- A música non poden executala persoas adultas en directo.
- Pódese participar individualmente ou en grupo
- Formarán parte do xurado especialistas en formación musical, cando sexa posible.
- Non se admitirán actuacións con letra pre-gravada, deben ser en directo.

3.11- CARTEL ANUNCIADOR

- Deberá centrarse na celebración do Día da Letras Galegas 2026, ser orixinal e inédito.
- Será de concepción e técnica libres, sempre que sexa posible a súa reprodución.
- Os traballos deberán presentarse sobre papel, cun tamaño A3.
- Deberá integrar a seguinte lenda: Letras Galegas 2026.
- Deberá constar o escudo do Concello de Narón, así como o logo e o nome do centro educativo organizador do Certame.

Os traballos de **EXPRESIÓN ESCRITA** poden presentarse de forma manuscrita (letra clara, marxes...) ou mecanografados a dobre espazo e con letra de tamaño entre 10 e 12 en todas as categorías.

As persoas gañadoras presentaranos tamén en soporte informático word ou open-office coa finalidade de realizar un arquivo histórico do Certame.

Todas as persoas concursantes presentarán os traballos tendo en conta:

- Os traballos irán sen sinatura. Terán título e un lema identificador.
- Nunha plica farase constar: título, lema identificador, nome completo do autor/a, idade, curso, grupo e Centro ao que pertence.
- A plica e o traballo introduciranse nun sobre grande, no que se indicará XXXV CERTAME INTERCENTROS CONCELLO DE NARÓN, o lema, o curso e a modalidade.

Ademais do anterior:

- Na modalidade de NARRATIVA, CÓMIC, POESÍA ou TEATRO ESCRITO as persoas concursantes de ESO, BAC, e CICLOS FORMATIVOS deberán entregar 3 copias do traballo.
- Na modalidade de REPORTAXE XORNALÍSTICA, o alumnado de ESO, BAC, e CICLOS FORMATIVOS deberá presentar os traballos sen sinatura. Terán título e un lema identificador.
- Na modalidade de AUDIOVISUAIS o alumnado de Primaria, ESO, BAC e Ciclos Formativos deberán entregar a gravación en soporte informático.
- Na modalidade de CARTEL ANUNCIADOR na parte traseira do cartel figurará un lema para preservar a identidade do autor ou autora, en un sobre aparte incluíranse os datos do Centro educativo, título, lema identificador, nome completo do autor/a, idade, curso e grupo.

Base 4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

Todos os traballos das categorías **a, b, c e d** serán entregados no lugar da exposición, o Pazo da Cultura, o día

28 de abril de 9 a 10 horas.

Os traballos das categorías **d** (só audiovisuais), **e**, **f** e **g** entregaranse nos respectivos centros **antes do día 7 de abril de 2026**.

A modalidade de **EXPRESIÓN ORAL** terá lugar no Pazo da Cultura os días **8, 9 e 10 de abril de 9:30 a 13:30**.

A esta modalidade asistirán só os participantes do grupo, a criterio do centro e o xurado.

Os traballos da modalidade **h** faranse chegar á Coordinadora do EDLG do IES AS TELLEIRAS.

Base 5. ORZAMENTOS

O orzamento máximo destinado a premios para a celebración do **XXXV Certame** será de **8.000,00 €**, con cargo á aplicación orzamentaria 3260 48005 do orzamento en vigor.

Base 6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os centros educativos públicos do termo municipal de Narón que desexen participar neste certame, deberán presentar a súa solicitude, no modelo TX-01 facilitado polo Concello e dispoñible na sede electrónica, asinada dixitalmente polo/a Director/a, á que deberán acompañar unha declaración responsable na que conste que o centro ao que representa non está incurso en ningunha das causas que determina o art. 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que está ao corrente das súas obrigas tributarias (estado, comunidade autónoma e Concello de Narón) e fronte á Seguridade Social, e que non é debedor/a por resolución de procedencia de reintegro de subvención. O prazo de presentación da solicitude será de **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP. A non presentación da documentación esixida suporá que o centro educativo queda excluído de participar no certame.

Base 7. PREMIOS, IMPORTES E FORMA DE PAGO

Os premios concederanse por participar e/ou concursar, de acordo co seguinte cadro:

Categoría	Modalidade	Forma de participación	Premio
a) Educación Infantil	Murais	Preséntase un por aula en cartón pluma	Á participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)	Á participación (50€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)	Á participación (50€)
b) 1º e 2º de Primaria	Murais	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral,	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A participación (50€)

	regueifa)	(se se participa en expresión oral non se pode participar en canción en galego)	
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo (se se participa en canción en galego non se pode participar en expresión oral)	A participación (50€)
c)3º e 4º de Primaria	Mural ou conto ilustrado	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
d)5º e 6º de Primaria	Conto ou cómic	Presentase un por aula en cartón pluma	A participación (50€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
e)1º e 2º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa)	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
f)3º e 4º de ESO	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral,	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)

	regueifa)		
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
g)1º e 2º BAC e Ciclos Formativos	Narrativa	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Cómic	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Reportaxe xornalística	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Poesía	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Teatro escrito	Pódese participar de xeito individual	A concurso (100€)
	Expresión oral (lenda, conto, relato, monólogo, diálogo, representación teatral, regueifa	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Canción en galego ou portugués	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
	Audiovisual	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)
h)Alumnado do Centro organizador	Cartel anunciador das Letras Galegas	Pódese participar de xeito individual ou en grupo	A concurso (100€)

Poderanse conceder accésits nas diferentes categorías e modalidades sempre e cando a súa concesión non altere o presuposto total dedicado a premios. O importe de cada accésit será de 50 euros. Os premios concederanse aos centros escolares mediante un bono asinado pola Alcaldía ou Concelleira Delegada, polo importe do premio correspondente, que será presentado nos establecementos comerciais do termo municipal de Narón polos artigos que o centro escolar demande. Emitirase un bono por cada premio, no que figurará o centro escolar premiado, incluírá o nome dos alumnos / unidade gañadores, nivel educativo e modalidade, así como o importe do premio concedido. Os bonos caducarán no prazo que no mesmo quede indicado, non poderá ser fraccionado, é dicir, o importe total de cada bono só poderá ser utilizado nun establecemento. O comerciante que subministre os artigos deberá expedir factura, a nome do Concello de Narón, que cumpra cos seguintes requisitos:

- Xunto coa factura deberá achegar o bono orixinal.
- Prazo máximo de presentación da factura: o que conste no bono.
- Importe máximo da factura: o importe do bono.
- A factura deberá especificar os artigos subministrados, desagregando o IVE que corresponda a cada artigo.

- A factura deberá cumprir coa normativa vixente en materia de facturación.

As facturas tramitaranse e serán aboadas de acordo co disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e demais normativa de aplicación ás Administracións Públicas.

Base 8. XURADO

O xurado estará integrado por un profesor/a de cada Centro participante nas distintas modalidades, un profesor/a do Centro organizador e a posibilidade dun especialista da materia, dependendo da modalidade.

Para a modalidade **h** o xurado estará formado polos membros do EDLG (Equipo Dinamizador da Lingua Galega) do IES AS TELLEIRAS.

As datas de reunión do xurado de narrativa, cómic, poesía, teatro escrito, reportaxe xornalística e audiovisuais serán anteriores ao día **11 de abril de 2026**, día en que se fará público o ditame.

O xurado da modalidade de expresión oral deberá valorar, ademais de outros aspectos, o número de participantes de cada grupo con papel. O xurado recollerá nunha acta os resultados de todas as modalidades. O importe máximo dos premios que se concedan non poderá superar a cantidade de **8.000,00€**, orzamento máximo destinado para premios neste Certame.

Base 9. CRONOGRAMA DO CERTAME e EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS

CRONOGRAMA DO CERTAME

17-03-2026: Data límite para a emisión da acta do xurado na modalidade **h** (cartel anunciador das Letras Galegas) que terá lugar no Centro Organizador IES AS TELLEIRAS.

07-04-2026: Data límite para a entrega dos traballos das categorías **d** (só audiovisuais), **e, f, g** nos respectivos centros.

08, 09 e 10 de abril de 2026 (de 9:30 a 13:30 horas): Desenvolvemento da modalidade de **EXPRESIÓN ORAL** no Pazo da Cultura do Concello de Narón. (A esta modalidade só asistirán os participantes do grupo, a criterio do centro, e o xurado).

11-04-2026: Data de publicación do ditame do xurado de **narrativa, cómic, poesía, teatro escrito, reportaxe xornalística e audiovisuais**.

22 e 23 de abril de 2026: Datas límite para a emisión de ditame e remisión de copia das actas ós centros participantes, á Concellería de Educación e ó Servizo Sociocomunitario municipal.

28-04-2026 (de 9 a 10 horas): Entrega de todos os traballos das categorías **a, b, c, d** no lugar da exposición, Pazo da Cultura do Concello de Narón.

18-05-2026: Data de entrega dos bonos en especie ós centros participantes, que terá lugar no Pazo da Cultura do Concello de Narón.

18-05-2026: Recollida de todo o material exposto no Pazo da Cultura, encargándose os distintos centros participantes de recoller os seus respectivos traballos.

EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS

Desde o 28-04-2026 ata o 18-05-2026: Período de exposición, no Pazo da Cultura, de todos os traballos presentados nas modalidades de **MURAI**S, **CONTO ILUSTRADO** e **COMIC** e dos traballos gañadores nas restantes modalidades.

Base 10. ENTREGA DE PREMIOS

Neste acto, que terá lugar no Pazo da Cultura de Narón o día **18 de maio de 2026**, farase entrega dos bonos en

especie aos centros educativos participantes.

Recollerá o premio, ben unha representación de alumnos ou grupo premiado, ben un único representante por centro. Esta decisión irá en función da participación que acade o Certame.

Base 11. EXPOSICIÓN

Todos os traballos presentados nas modalidades de **MURAI**, **CONTO ILUSTRADO** e **CÓMIC**, así como os traballos gañadores nas restantes modalidades, serán expostos no Pazo da Cultura, dende o día 28 de abril ao 18 de maio de 2026.

Os Centros participantes entregarán os seus traballos no Pazo da Cultura de Narón o día **28 de abril de 2026, de 9 a 10h.**

A recollida de todo o material exposto farase o 18 de maio de 2026, encargándose os distintos centros de recoller cadanseus traballos no Pazo da Cultura.

Base 12. FINAL

As obras presentadas ao concurso quedarán en propiedade dos correspondentes centros participantes.

O xurado poderá declarar deserto algún premio se considera que os traballos presentados non acadan a calidade necesaria.

Todos os premios entregaranse en forma de bono polo valor establecido, que debe ser conmutado nos establecementos de Narón colaboradores no Certame.

A participación no XXXV CERTAME INTERCENTROS CONCELLO DE NARÓN implica a aceptación das presentes bases, así como as decisións do/s xurado/s.

Remitirse á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) información sobre as subvencións concedidas.

Base 13.- PUBLICACIÓN

Estas bases serán publicadas no BOP, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

A convocatoria de subvencións deberá publicarse na Base Nacional de Subvencións (BDNS), con indicación do diario oficial no que se publicará o extracto das mesmas.